



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE SETEMBRO DE 2021

### ORDE DO DÍA

#### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00041552A.**

##### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de 13 de setembro de 2021.
- Extraordinaria e urxente de 14 de setembro de 2021.

#### **2. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: INFORME INTERVENCIÓN 806/2021.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por AUTOS IGLESIAS, S.L., en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de abril de 2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de OITO MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS DE EURO (8.663,60 €), segundo relación contable de factura F/2021/1893 expedida por AUTOS IGLESIAS, S.L. (NIF B27014398) en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de abril de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020203K.**

**Declarar deserta a licitación “Prestación dos servizos de redacción do proxecto básico é de execución e dirección facultativa das obras do Centro Integral para a inclusión Social (EDUSI - REVIVE COMPOSTELA)”. CON/7/2021.**

Acórdase:

Primeiro.- Declarar deserta a licitación para a contratación do “Prestación dos servizos de redacción do proxecto básico é de execución e dirección facultativa das obras do Centro Integral para a inclusión Social (EDUSI – REVIVE COMPOSTELA)” CON/7/2021, ao non terse presentado ningunha oferta.

Segundo.- Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e ao Xefe do Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras.

**4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020200H.**

**“Prestación do servizo de redacción de anteproxecto, proxecto básico e de execución e dirección facultativa de obras da "Recuperación do Campus Sur para o cidadán", vinculada a EDUSI-REVIVE COMPOSTELA. e cofinanciada nun 80% polo FEDER”**

**CON/9/2021. Licitación deserta.**

Acórdase declarar deserta a licitación para a contratación do “Prestación do servizo de redacción de anteproxecto, proxecto básico e de execución e dirección facultativa de obras da "Recuperación do Campus Sur para o cidadán", vinculada a EDUSI-REVIVE COMPOSTELA. e cofinanciada nun 80% polo FEDER” CON/9/2021, ao non terse presentado ningunha oferta.

**5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032259W.**

**Subministración de combustible líquido, pago de peaxes e material de mantemento básico (aditivo AdBlue e lubricantes) dos vehículos integrantes do parque móbil do Concello de Santiago de Compostela” CON/5/2021. Licitación deserta.**

Acórdase declarar deserta a licitación para a contratación do “Subministración de combustible líquido, pago de peaxes e material de mantemento básico (aditivo AdBlue e lubricantes) dos vehículos integrantes do parque móbil do Concello de Santiago de Compostela” CON/5/2021, ao non terse presentado ningunha oferta.

**6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00030757H.**

**“Servizo de lacería para a recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes, de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela” CON/42/2020. Licitación deserta.**

Acórdase declarar deserta a licitación para a contratación do “*Servizo de lacería para a recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes, de competencia municipal no Concello de Santiago de Compostela*” CON/42/2020, ao non terse presentado ningunha oferta.

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00041048M.**

**Cesión da praza número 115 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa, en Santiago de Compostela.**

Acórdase autorizar a cesión da praza número 115 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela, (adquirida por un particular, e cedida a outra particular) sinalándolle que de acordo co disposto no prego de condicións que rexe esta concesión, "o prezo da transmisión non poderá superar o orixinario de cesión, incrementado na cantidade correspondente ás variacións do IPC".

Unha vez formalizada esta cesión notarialmente, deberá presentar a correspondente escritura ó obxecto da súa ratificación.

**8. TESOURERÍA CENTRAL. Referencia: 2021/00033495L.**

**Convenio de Colaboración Social – Avogados**

Acórdase aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN SOCIAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA e facultar ao Alcalde para a execución deste acordó.

**9. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00041552A.**

**Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 10 ao 16 de setembro de 2021.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 10 ao 16 de setembro de 2021.

## URXENCIAS

### **10. Aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-08 por importe de 36.196,76 € para reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de Creación Cultural da Almaciga, financiado con baixas por anulación.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-08 por importe de TRINTA E SEIS MIL CENTO NOVENTA E SEIS EUROS E SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (36.196,76 EUROS) para reforma e legalización da instalación eléctrica do centro Xove de Creación Cultural da Almaciga, financiado con baixas por anulación.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-08 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-08 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

### **11. Aprobación do expediente de suplemento de crédito, coa codificación 2021-SUPLE-05, por importe de 7.000,00€ para a adquisición de motocicletas para a Policía Local.**

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2021-SUPLE-05 por importe de SETE MIL EUROS (7.000,00EUROS) para a adquisición de vehículos para a Policía Local, financiado con baixas por anulación.

SEGUNDO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2021-SUPLE-05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2021-SUPLE-05 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

### **12. Proposta da concelleira delegada de benestar animal relativa ao abono á empresa Ethical Services for Animals, S.L., de 6.683,29 euros, en concepto de servizo de lacería do mes de xuño 2021.**

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de lacería correspondente ao mes de xuño do ano 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seis mil seiscentos oitenta e tres con vintenove euros (6.683,29 €) a favor de ETHICAL SERVICES

FOR ANIMALS S.L., imputándose á aplicación orzamentaria 2021 090 31101 2270000 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos de contrato vencido, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo